

Enquisa OGSÍ sobre a Sociedade da Información en Galicia: Empresas TIC


Resumo executivo ano 2008



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



Enquisa ás Empresas TIC

Resumo executivo

Magnitudes económicas e Actividade

- Evolución da cifra de negocios e actividades principais
- Distribución da cifra media de negocios segundo o emprazamento do cliente

Caracterización do persoal

- Número medio de traballadores/as das empresas TIC
- Distribución de traballadores/as segundo o sexo, as titulacións e as funcións
- Formación TIC

Equipamento tecnolóxico

- Disponibilidade de: Rede de área local (LAN), Rede de área Local sen fíos (WAN), Servidores para bases de datos e Intranet corporativa
- Emprego de software libre

Internet e Páxina Web

- Acceso a Internet e tecnoloxía contratada
- Páxina Web e dominio propio

Compravenda e seguridade en Internet

- Empresas que realizan compras e vendas a través de Internet
- Emprego de elementos de seguridade actualizados

Innovación

- Introducción de bens e servizos novos ou mellorados de maneira significativa

I+D+i

- Empresas que realizaron proxectos de I+D+i no último ano

Certificacións de calidade e patentes

Percepción estratéxica e Prospectiva de mercado

Nota metodolóxica

Este documento presenta os principais resultados da enquisa a Empresas TIC sobre a sociedade da información en Galicia, realizada entre setembro e decembro de 2008. O deseño e execución da enquisa responde aos seguintes criterios técnicos:

- **Ámbito:** Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Universo:** Empresas con establecementos en Galicia, cunha actividade principal que corresponda aos epígrafes CNAE : 30, 31.3, 32, 32.2, 33.3, 64.2 e 72, definindo así un conxunto de actividades industriais e de servizos, cifrado en 884 unidades.
- **Tipo de enquisa:** Remisión postal do cuestionario. Autocobertura da enquisa a través de medios telemáticos, postais, telefónico ou correo electrónico.
- **Tamaño da mostra:** A mostra é de 329 unidades, das que 272 corresponden a empresas TIC con persoal asalariado.
- **Mostraxe:** Automática, ao considerar que o total do universo debe ser abordado como mostra autorrepresentada, co que a mostraxe resulta tamén autoestratificada. Como marco de mostra tomouse o Directorio de Empresas 2007 do IGE, completado co Directorio de Empresas da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5% $-2\sigma-$ e considerando a variabilidade de proporcións máxima $-p= q =50\%-$, o erro estatístico máximo global é do 4,3% no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variábel de proporcións.

Magnitudes económicas e Actividade

Evolución da cifra media de negocios no período 2005-2007

Ano 2005	Ano 2006	Ano 2007
1.558.154,7 €	1.940.877,6 €	2.373.111,8 €

Base: empresas TIC galegas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A cifra media de negocio das empresas experimentou un crecemento do 22,3% no período 2006 -2007.

O desenvolvemento de produtos de software é a actividade máis significativa no conxunto do tecido empresarial TIC galego, cun peso do 49,3%.

Distribución aproximada da cifra de negocio no ano anterior segundo o emprazamento do cliente

Emprazamento cliente	Ano 2006	Ano 2007
Galicia	71,1%	73,6%
Resto do Estado	23,9%	22,3%
Resto da Unión Europea	3,5%	2,5%
Resto do mundo	1,5%	1,6%
Total	100%	100%

Base: empresas TIC con asalariados/as.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Mantendo o perfil obtido da enquisa do ano pasado, o 73,6% da cifra de negocio das empresas TIC corresponde ao mercado galego.


Actividades	Actividade principal
	%
Venda polo miúdo de informática e comunicacións	22,8
Venda e instalación de hardware	36,4
Revenda de software	15,4
Desenvolvemento de produtos software	49,3
Servizos de software	44,9
Servizos de consultaría	41,5
Servizos de integración de sistemas de información	28,7
Servizo de mantemento e "outsourcing"	37,1
Servizo de publicación e presenza en Internet	19,9
Servizo de enxeñería de telecomunicacións	14,0
Servizo de telecomunicacións	15,8
Outros servizos	7,7
Fabricación de equipamento tecnolóxico	12,5
Produción de contidos multimedia	6,6
Produción de contidos audiovisuais	5,5
Comunicación en Internet	13,2
Outros produtos	0,4

Base: empresas TIC con asalariados/as.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


Caracterización do persoal

Nº medio de traballadoras/es de empresas TIC




Base: empresas TIC con asalarados/as.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Distribución de postos de traballo segundo o sexo




Base: mostra derivada, traballadores/as de empresas TIC con persoal asalarado
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Distribución de traballadores/as segundo as titulacións



Base: mostra derivada, traballadores/as de empresas TIC con persoal asalarado
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Empresas que facilitaron formación TIC ao persoal no último ano



Base: empresas TIC con asalarados/as.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


Obsérvase unha presenza significativa de traballadores/as con formación universitaria -51,1% agregadamente- e, principalmente, no eido das TIC, xa que un 38,1% posúe unha titulación superior ou media relacionada coas tecnoloxías da información e da comunicación. A presenza de persoal procedente da Formación Profesional é menor -20,7%-.

Un **48,5%** das empresas facilitaron formación TIC ao seu persoal no último ano.

Un **61,5%** das/os traballadoras/es destas empresas, como promedio, recibiu formación en novas tecnoloxías. A porcentaxe anual destinada a formación TIC sobre o total da cifra de negocio en 2007 foi do **4,2%**

Caracterización do persoal


Cadro de persoal das empresas TIC con persoal asalariado segundo as súas funcións



Base: mostra derivada, traballadores/as de empresas TIC con persoal asalariado
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

O 44,4% do persoal das empresas TIC adícase a aspectos técnicos -redes e telecomunicacións; informática principalmente; electrónica e contidos e comunicación-, seguido da porcentaxe do persoal con dedicación comercial -9,6%-, e do persoal que desenvolve labores de administración -8,8%-.

Equipamento tecnolóxico




Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Un 75% das empresas galegas do sector dispón de rede de área local sen fíos (WAN), proporción que ascende ata o 90,8% cando se trata da rede de área local convencional (LAN).

A Intranet corporativa sitúase no 64,3%, mentres que a porcentaxe de empresas TIC con servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos é do 86,8%.

Equipamento tecnolóxico

Emprego de software libre



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Un 52,2% das empresas TIC empregan software libre, unha porcentaxe lixeiramente superior a do ano 2007 -51,9%-.

A maior porcentaxe de emprego de software libre rexístrase nos servidores, e nun segundo lugar, nos postos de usuario, tanto no relacionado con paquetes de ofimática como no propio sistema operativo.

Emprego de ferramentas informáticas de xestión

Ferramentas	Ano 2007	Ano 2008
Xestión contábel e financeira	81,3	80,9
Xestión administrativa de vendas e compras	79,7	83,1
Xestión de clientes e provedores	81,3	83,5
Xestión de produción	57,3	53,3
Xestión de loxística (almacén e distribución)	39,4	39,0

Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Entre as distintas ferramentas informáticas para a xestión destacan as aplicacións destinadas á xestión de clientes e provedores, á xestión administrativa e as de xestión contábel e financeira, presentes en máis do 80% das empresas TIC. Estes datos reiteran o panorama xeral da enquisa de 2007.


Internet e páxina web

Acceso a Internet contratado



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


Disponibilidade de banda larga



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A práctica totalidade das empresas TIC dispón de acceso a Internet e banda larga.


Modalidade de acceso a Internet contratada



Base: empresas TIC con asalariados/as que dispoñen de Internet.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.


A conexión ADSL é a modalidade con maior presenza no conxunto de empresas TIC con acceso a Internet.

Disposición de páxina web



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Dominio propio




Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Un 84,6% das empresas TIC dispón de páxina web e un 81,6% ten dominio propio.


Compravenda e seguridade en Internet

Empresas que realizan compras a través de Internet



Base: empresas TIC con asalaridados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Empresas que realizan vendas a través de Internet



Base: empresas TIC con asalaridados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Emprego de elementos de seguridade actualizados


Elementos de seguridade	Si	Non	Ns/Nc
Software antivirus ou similar	95,6	4,1	0,3
Devasa (cortafuegos, firewall)	83,0	10,7	6,3
Servidor seguro	78,2	17,3	4,5
Mecanismos de copia de seguridade off-site	70,8	24,0	5,2
Encriptación de datos	52,0	35,8	12,2
Mecanismos de autenticación mediante sinatura electrónica	48,3	43,2	8,5
Outros mecanismos de autenticación (nº PIN ou usuario/a contrasinal)	82,3	11,8	5,9
Arquivos informáticos con datos de carácter persoal rexistrados na Axencia de Protección de Datos	57,9	25,8	16,3

Entre os distintos elementos de seguridade, a práctica totalidade das empresas TIC ten actualizado un antivirus (95,6%), seguido en importancia da devasa (83%) e doutros mecanismos de autenticación como o contrasinal ou o PIN (82,3%). Moi preto (78,2%) está a disposición de servidores seguros.


Base: empresas TIC con asalaridados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Innovación

Introducción de bens e servizos novos ou mellorados de maneira significativa durante o período 2005-2007



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Bens e servizos novos ou mellorados	Si	Non	Ns/Nc
Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos	44,5	48,2	7,3
Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución	15,9	75,0	9,1
Actividades de apoio para procesos: sistemas de mantemento, operacións informáticas, de contabilidade	57,3	34,1	8,6
Sistemas de xestión destinados a mellorar o intercambio de información	53,7	40,2	6,1
Na organización do traballo e na estrutura de xestión de integración de distintos departamentos	56,1	36,6	7,3
Nas relacións con outras empresas ou institucións públicas	33,5	56,1	10,4


Base: empresas TIC con asalariados/as e que introduciron innovacións en bens ou servizos no último trienio.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A metade do tecido empresarial TIC galego introduciu bens (49,3%) e servizos (52,2%) novos ou mellorados de maneira significativa no período 2005-2007.

Especialmente notábeis foron os progresos nas actividades de apoio para procesos (57,3%), aqueles relacionados coa organización do traballo e a estrutura de xestión de integración dos distintos departamentos (56,1%), así como nos sistemas de xestión destinados a mellorar ou a intercambiar información (53,7%).


I+D+i

Empresas que realizaron proxectos de I+D+i no último ano




Base: empresas TIC con asalariados/as.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Unidades das empresas TIC que realizaron máis actividades de I+D+i durante o último ano



Base: empresas TIC con asalariados/as que realizaron actividades de I+D+i durante o último ano
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Empresas con persoal dedicado a tarefas relacionadas coa I+D+i



Base: empresas TIC con asalariados/as.
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Media de postos de traballo directamente relacionados con I+D+i segundo xénero




Base: total de empresas con persoal de I+D+i
 Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Un 45,6% das empresas TIC dispón de persoal que desenvolve tarefas relacionadas coa I+D+i, cunha media de 6,2 postos.

Certificados de calidade e patentes

Empresas con certificados de calidade




Base: total de empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Un 25,7% das empresas TIC de Galicia dispoñía o pasado ano de certificados de calidade.

Un 7% das empresas TIC galegas solicitou patentes nestes tres últimos anos, cunha media de 5,4 solicitudes.

Solicitude de patentes nos últimos tres anos




Base: total de empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Tipo de patentes	Número medio de patentes solicitadas entre 2005-2007
OEPM	4,9
EPO	3,6
UPSTO	2,0
PCT	2,0
TOTAL	5,4

Base: empresas TIC con asalariados/as e que solicitaron patentes nos últimos tres anos.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Percepción estratéxica e Prospectiva de mercado


Valoración do papel do sector TIC na economía galega en canto á xeración de riqueza e emprego



Un 73,2% das empresas TIC con persoal asalariado considera que o sector TIC galego desempeña un papel importante na economía de Galicia como elemento xerador de riqueza e emprego.


Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Perspectivas da propia empresa nos próximos tres anos



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Perspectivas do sector TIC galego nos próximos tres anos



Base: empresas TIC con asalariados/as.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

A tres anos vista, nunha perspectiva de xeración de emprego e ampliación de mercado, o 43,4% das empresas pronostican, para si mesmas, unha fase de expansión e un 37,9% consideran que haberá unha etapa de estabilidade, temperando máis o xuízo referido ao sector cun 39,3% de vaticinios de expansión e un 35,3% de estabilidade.